

ACORDOS DA XUNTA DE FACULTADE DE PSICOLOXÍA, 2024 – 2025

24 de outubro de 2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da decana e vicedecanas.
3. Aprobación, se procede, da proposta de Modificación substancial da memoria de verificación do título de Máster de psicoloxía Xeral Sanitaria para a súa implantación no curso 2026/27 (fase de declaración de intencións).
4. Aprobación, se procede, dos cambios na composición das comisións da Xunta de Facultade.
5. Asuntos de trámite.
6. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbase a acta da reunión ordinaria de Xunta de Facultade do 26 de xuño de 2024.
- Apróbase a proposta de Modificación substancial da memoria de verificación do título de Máster de psicoloxía Xeral Sanitaria para a súa implantación no curso 2026/27 (fase de declaración de intencións).
- Apróbanse os cambios na composición das comisións do centro.

25 de novembro de 2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da decana e vicedecanas.
3. Aprobación, se procede, da proposta de oferta de prazas dos títulos do centro.
4. Aprobación, se procede, da solicitude de informe favorable para a petición de nomeamento de profesor emérito.
5. Aprobación, se procede, da Memoria de calidade da Facultade de Psicoloxía 2022-2023 e do Plan Estratéxico para o período 2024-2026.
6. Asuntos de trámite.
7. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbase a acta da reunión ordinaria de Xunta de Facultade do 24 de outubro de 2024.
- Apróbase a proposta de oferta de prazas para os títulos do centro.
- Apróbase emitir informe favorable para a petición de nomeamento de profesor emérito.
- Apróbase a Memoria de Calidade do curso 22-23, o Plan de Melloras Anual que contén e o Plan Estratéxico do Centro para o bienio 2024-2026.

20 de decembro de 2024 (extraordinaria)

Orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da Proposta de Política de Calidade da Facultade de Psicoloxía (2024).

Acordos:

- Apróbase a proposta de Política de Calidade da Facultade de Psicoloxía (2024), así como o Manual do Sistema de Garantía de Calidade, do que forma parte.

29 de xaneiro de 2025 (extraordinaria)

Orde do día:

1.- Solicitud de informes para o recoñecemento do complemento por méritos docentes (quinquenios) correspondente ao ano 2024.

Acordos:

- Apróbase a emisión de informe positivo de avaliación da docencia para aqueles solicitantes que teñan recibido informe favorable dos seus departamentos, e dos que non se teña constancia de circunstancia negativa no centro, no que atinxe a súa docencia.

06 de febreiro de 2025

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

2. Informe da decana e vicedecanas.
3. Aprobación, se procede, da PDA dos títulos do centro para o curso 2025-2026.
4. Aprobación, se procede, da proposta de *“Protocolo de aprobación no centro das táboas de recoñecementos de créditos para as actuación previas e resolución dos recoñecementos de estudos no Grao de Psicoloxía da USC”*.
5. Aprobación, se procede, da proposta de táboa de recoñecemento de créditos dende o Grao de Psicoloxía da UNED ao Grao de Psicoloxía da USC para a súa adaptación ao novo Regulamento da USC en materia de recoñecemento e transferencia de créditos.
6. Aprobación, se procede, dos cambios na composición das comisións da Xunta de Facultade.
7. Asuntos de trámite.
8. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbanse as actas das sesións anteriores
- Apróbase a PDA de todos os títulos do centro para o curso 2025-26.
- Apróbase o Protocolo de aprobación no centro das táboas de recoñecementos de créditos para as actuación previas e resolución dos recoñecementos de estudos no Grao de Psicoloxía da USC.
- Apróbase a proposta de táboa de recoñecemento de créditos dende o Grao de Psicoloxía da UNED Grao de Psicoloxía da USC.
- Apróbanse os cambios na composición das comisións da Xunta de Facultade.

25 de febreiro de 2025 (extraordinaria)

Orde do día:

Aprobación, se procede, da proposta de Modificación Substancial da Memoria do Título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria para a súa implantación no curso 2026-27 (fase de proxecto inicial da memoria), segundo documento adxunto.

Acordos:

- Apróbase a proposta de Modificación Substancial da Memoria do Título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria para a súa implantación no curso 2026-27 (fase de proxecto inicial da memoria).

28 de marzo de 2025

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informe da decana e vicedecanas.
3. Proposta e aprobación, se procede, dos horarios docentes dos títulos da facultade, calendario de exames e defensa dos TFG/TFM para o curso 2025-2026.
4. Asuntos de trámite.
5. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbanse as actas das reunións de Xunta de Facultade do 6 e 25 de febreiro de 2025.
- Apróbanse os horarios docentes dos títulos da facultade, calendario de exames e defensa dos TFG/TFM para o curso 2025-2026.
- Apróbase solicitar unha modificación ao calendario oficial da universidade para 4º curso de Grado e para o Máster Universitario de Psicoloxía Xeral Sanitaria.

25 de abril de 2025 (extraordinaria)

Orde do día:

Punto único.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación substancial da Memoria de Verificación do Título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria (fase de proxecto final de memoria), para a súa implantación no curso 2026-27.

Acordos:

- Apróbase a proposta de Modificación Substancial da Memoria do Título de Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria (fase de proxecto final da memoria) para a súa implantación no curso 2026-27

05 de xuño de 2025

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da decana e vicedecanas.
3. Aprobación, se procede, do Informe de execución do orzamento da Facultade de Psicoloxía (anualidade 2024), e da Proposta de reparto/asignación do orzamento da Facultade (anualidade 2025).
4. Asuntos de trámite.
5. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbanse as actas das reunións de Xunta de Facultade do 28 de marzo e 25 de abril de 2025.
- Apróbanse a memoria de execución do orzamento do 2023, e a proposta de reparto/asignación do orzamento de 2024.

19 de xuño de 2025 (extraordinaria)

Orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, do posicionamento da Xunta de Facultade, segundo as indicacións da Conferencia de Decanos das Facultades de Psicoloxía das Universidades españolas (CDPUE), con relación á posibilidade de demandar un Grao en Psicoloxía conducente ao exercicio dunha profesión sanitaria, titulada e regulada, organizado en 5 cursos académicos (300 créditos).

Acordos:

- Apróbase o posicionamento favorable da Xunta de Facultade, segundo as indicacións da Conferencia de Decanos das Facultades de Psicoloxía das Universidades españolas (CDPUE), con relación á posibilidade de demandar un Grao en Psicoloxía conducente ao exercicio dunha profesión sanitaria, titulada e regulada, organizado en 5 cursos académicos (300 créditos).

Fin curso 2024-25